



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “A RESTAURACIÓN GALEGA SEN GLUTE”, NO ANO 2020.

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA IMPOSIBILIDADE DE
PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA**

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social pretende formalizar xunto coa asociación de celíacos de Galicia (ACEGA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento pola Consellería de Política Social do programa “*a restauración galega sen glute*”, da entidade ACEGA, que inclúe a realización de actividades encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas celíacas fóra do seu entorno doméstico a través da capacitación de establecementos hostaleiros en materia de celiacuí.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende formalizar coa ACEGA é un proxecto de intervención que actúa en beneficio das persoas celíacas, aos pais ou titores de nenos e nenas celíacos/as e a todas aquelas persoas enfermas cuxo tratamento esixa manter unha dieta sen glute, a fin de tratar as solucións máis idóneas aos problemas de tipo social, psicolóxico e técnico que poden presentarse como consecuencia da súa condición.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a ACEGA é a entidade sen ánimo de lucro máis representativa en Galicia do colectivo coa patoloxía da celiacuí.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes, neste caso, en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

Tendo en conta o que a ACEGA é a única entidade da Comunidade Autónoma que realiza un programa das características descritas no ámbito territorial autonómico, resulta imposible promover a concorrência para a esta subvención, e a formalización deste convenio de colaboración considérase a canle máis idónea para que a consellería acade estes fins.

Deste xeito, o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos establecidos nos artigos 2 e 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, segundo establece este último artigo, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

María Amparo González Méndez

